Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/35	GOB19I00A3	
5O40 3R2C 3V0S 3P3V 14PD ² 5O403R2C3V0S3P3V14PD{ » ² 5O403R2C3V0S3P3V14PD{ »		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZ DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CINCO

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:** D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE **NON ASISTE:** TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/DªMARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/DªALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dez de abril de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE REFORMULACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN, NO MARCO DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL E EN LIÑA DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA A ELABORACIÓN DE INFORME DE SEGUIMENTO COMPLETO DO PACES (PLAN DE ACCIÓN DO PACTO DAS ALCALDÍAS POLO CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE)..- Vista a proposta formulada que di así:

"A xefa de Organización, en data 9 de abril de 2025, elevou a esta alcaldía o informe-proposta que di:

“TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Resolución
EXPEDIENTE	ASI/2025/92: Subvención para a elaboración de informe de seguimento completo do PACES (Plan de Acción do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía Sostible).
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Reformulación de solicitude de subvención

O pasado 6 de febreiro de 2025 publicouse no DOG a *ORDE do 23 de xaneiro de 2025,* da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes*, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.*

Ao abeiro de dita orde, a alcaldesa deste Concello, consultado o concelleiro delegado de Servizos, subscribiu a memoria explicativa para a elaboración do informe de seguimento completo do PACES (Plan de Acción do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía Sostible).

O acollemento á mencionada convocatoria, en liña non competitiva, supón unha porcentaxe de cofinanciación do 100,00%, ao non acadar o orzamento o máximo asignado para este Concello nesa liña (7.381,39 €).

Sobre a base destes antecedentes, a alcaldía do Concello, en data 28/02/2025, ditou unha resolución pola que se solicita, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a subvención da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, por valor de 7.381,00 €. O mesmo día presentouse a preceptiva documentación a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

A Dirección Xeral de Administración Local, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, mediante notificación de data 18/03/2025 (REX19E0D22), requiriu a este Concello:

> *(…) <u>un informe da intervención municipal que acredite que a execución deste proxecto impútase a unha partida do capítulo VI do orzamento de gastos da entidade local.</u> (…)*

A tal efecto, polo Técnico Medio de Servizos Básicos e polo xefe do Servizo de Contratación, emitiuse un informe en data 27/03/2025 (ASI19I00CI) que conclúe:

> *(…) procede a imputación dos gastos asociados á subvención solicitada para a “Elaboración de informe de seguimento completo do PACES (Plan de Acción do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía Sostible)”, á aplicación orzamentaria 1720.64000 (Protección e mellora do medio ambiente - Gastos en investimentos de carácter inmaterial), e consecuentemente, reformular a solicitude de subvención tendo en conta este extremo.*

Sobre a base deste informe, a intervención xeral emitiu un informe en data 31/03/2025 (ASI19I00CR), no que conclúe:

> *"INFORMO que a aplicación correcta para a execución do proxecto, nos termos da solicitude de subvención formulada, e sempre que se respecte o informado conxuntamente polo Técnico Medio de Servizos Básicos e o xefe do Servizo de Contratación, é a 1720.64000 (Protección e mellora do medio ambiente - Gastos en investimentos de carácter inmaterial). Motivo polo cal debe ser modificado o plan de financiamento provisional de data 27/02/2025 (ASI19I009J) que se elaborou para a solicitude de subvención."*

Tendo en conta o anterior, e sen prexuízo da resposta dada, en tempo e forma, ao requirimento da Dirección Xeral de Administración Local, procede reformular a solicitude de subvención, tomando en consideración a nova aplicación orzamentaria para a imputación do gasto, así como do ingreso correspondente, o cal é obxecto desta proposta.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2025 (neste momento estase a traballar co presuposto 2024 prorrogado). Concretamente a base 52, apartado 1, sinala que *as solicitudes de subvencións ou propostas de achega a outros organismos ou institucións que se sometan á aprobación da Xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia*. A tal efecto, quen subscribe elaborou o plan de financiamento adxunto de código ASI19I00E8. Logo da publicación da concesión definitiva da subvención, procederá a xeración do importe concedido na aplicación orzamentaria sinalada en dito plan.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe eleva á alcaldía, para que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o seguinte plan de financiamento provisional (que aquí se amosa resumido) para a subvención para a "Elaboración de informe de seguimento completo do PACES (Plan de Acción do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía Sostible)", de acordo co establecido no informe adxunto de código ASI19I00E8 e que aquí se amosa resumido:

Proxecto	Elaboración de informe de seguimento completo do PACES (Plan de Acción do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía Sostible)
Importe total	7.381,00 €
Importe solicitado	7.381,00 €
Achega municipal	-

SEGUNDO: Reformular a solicitude, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a subvención da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, por valor de 7.381,00 €, para a "Elaboración de informe de seguimento completo do PACES (Plan de Acción do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía Sostible)", tomando en consideración a nova aplicación orzamentaria para a imputación do gasto: 1720.64000 (Protección e mellora do medio ambiente - Gastos en investimentos de carácter inmaterial); así como do ingreso correspondente: 75080 (Outras transferencias de capital da administración da Comunidade Autónoma)."

Visto este informe-proposta, e unha vez tomada razón pola intervención xeral do Concello na mesma data (documento ICO19I002W), esta alcaldía, en uso das atribucións conferidas, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

A C O R D O :

PRIMEIRO: Aprobar o seguinte plan de financiamento provisional (que aquí se amosa resumido) para a subvención para a "Elaboración de informe de seguimento completo do PACES (Plan de Acción do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía Sostible)", de acordo co establecido no informe adxunto de código ASI19I00E8 e que aquí se amosa resumido:

Proxecto	Elaboración de informe de seguimento completo do PACES (Plan de Acción do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía Sostible)
Importe total	7.381,00 €
Importe solicitado	7.381,00 €
Achega municipal	-

SEGUNDO: Reformular a solicitude, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a subvención da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, por valor de 7.381,00 €, para a "Elaboración de informe de seguimento completo do PACES (Plan de Acción do Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía Sostible)", tomando en consideración a nova aplicación orzamentaria para a imputación do gasto: 1720.64000 (Protección e mellora do medio ambiente - Gastos en investimentos de carácter inmaterial); así como do ingreso correspondente: 75080 (Outras transferencias de capital da administración da Comunidade Autónoma).

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96 F_FIRMA_4